

## Anxos de Garda

De garda está Anxos Sumai durante toda a semana para que non se lle escapen as cousas realmente importantes ó seu redor. Sete días vistos desde un punto onde se cruzan as liñas do íntimo e o colectivo. Cada fin de semana unha nova entrega en [Culturagalega.org](http://Culturagalega.org)



Anxos camiña entre a xente, ás veces so observa e outras veces ten contacto. Da súa experiencia semanal fai literatura mesturando o que foi co que puido ser, co que será e co que pode ser. Esta é a súa crónica, na que comparte con que a le unha visión do transcorrer vital que é dela pero podería ser o de calquera de nós, e mesmo o teu.

## Territorio Aquí

**Mércores, 24.-** Hai tempo que só entro nos blogs que me son unha illa de descanso, un porto seguro no que fornecermos de imaxes e miradas privadas. Ata hai un tempo tiña, entre os meu favoritos, <http://enfermedadesmodernas.blospot.com>, pero foise e quedei un tanto desamparada, porque non me é doado atopar novos territorios que me estremizan.

Estes días recibín un correo recomendánme que entrase nun blog que leva pouco tempo activo: <http://www.velaqui.blospot.com/>. Entrei e quedei, coas mans apegadas ó calor da cociña de leña y co corazón aberto pola curva dunha fouce.

Fíxose o debuxo do meu ventre

A carón dunha cociña de lume.

Cando tiveron coñecemento

Descubrín

Que puxeran cinco potas a ferver

Enriba do meu sangue case púrpura

Pero nunca preguntei porqué esa forma constelada

Tampouco de quen o deseño

Nin cal a hora da inspiración.

Eu non preguntei.

Sempre é de noite nesta casa cos ollos entreabertos

Saio a pechar as cancelas

Na aira recórtanse contra o muro

As formas violentas dos apeiros de labranza

É húmida a hora de antes de durmir,

Quizais sexa por iso que esta boca recorda en arritmia

O estraño sabor daquela última aperta  
Unha folla de fouciño contra a pel  
Estremecida.  
(Olalla Cociña. <http://www.velaqui.blogspot.com/>)